



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CORISTANCO

*Aprobación padróns fiscais taxa lixo comercial e lixo vivendas ano 2022*

### ANUNCIO

Con data 13 de abril de 2022, pola Alcaldía-Presidencia do Concello de Coristanco, asinouse o Decreto nº 391/2022 co seguinte contido:

“En atención ao padróns elaborados e correspondentes coa taxa de Lixo comercial 2022 e Lixo vivenda 2022, cos seguintes importes:

TAXA	IMPORTE PADRÓN	SUXEITOS PASIVOS
Lixo comercial 2022	17.756,26 euros	117
Lixo vivendas 2022	163.043,78 euros	2.560

Visto o informe emitido pola Intervención deste Concello sobre os aspectos legais e procedimentais do asunto.

Vistas as miñas facultades atribuídas en virtude do disposto na Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 39/2015, de 1 de outubro, sobre procedemento administrativo das administracións públicas,

### RESOLVO:

**Primeiro.- Aprobar** os padróns municipais correspondentes ao exercicio 2022 segundo o seguinte desglose:

TAXA	IMPORTE PADRÓN	SUXEITOS PASIVOS
Lixo comercial 2022	17.756,26 euros	117
Lixo vivendas 2022	163.043,78 euros	2.560

**Segundo.-** Expoñer ao público o presente acordo e tódolos datos incorporados ao padrón que se aproba, por un período de quince días, no BOP e no no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta publicación, por tratarse de tributos de cobro periódico por recibo servirá de notificación colectiva a todo os contribuíntes, nos temos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

**Terceiro.-** O período de cobro do presente padrón en período voluntario será o que se determine por parte da Deputación Provincial da Coruña en atención ao calendario fiscal aprobado a este efecto.

**Cuarto.-** Notificar o presente acordo ao Servizo de Xestión e Recadación da Deputación Provincial da Coruña para que proceda a xestionar o seu cobro e dar conta do mesmo aos servizos económicos do Concello para a súa constancia e efectos”.

En cumprimento co acordado, asíñase este documento electronicamente para a súa publicación.

Coristanco, 18 de abril de 2022.

O alcalde

D. Juan Carlos García Pose

2022/2058